

9 de setembro de 1993 Yasser Arafat reconeceu o dereito a existir ao Estado de Israel e Yitzhak Rabin, pola súa banda, aceptou á OLP como representante do pobo palestino. Este reconecemento mutuo tivo lugar uns días antes da firma da Declaración de Principios (Oslo I) en Washington. Este pacto levantou grandes esperanzas. Moi poucas veces a paz pareceu tan preto.

13 de setembro de 1993. Declaración de Principios sobre os acordos provisionais da autonomía Palestina Logo de moitos meses de negociacións secretas propiciadas polo Goberno de Noruega, o 20 de agosto de 1993, as delegacións israelí e o palestina (OLP) chegaron a un Acordo coñecido polo nome de Oslo I, polo cal se abrían as portas ao reconecemento do Estado de Israel, á autonomía de Cisjordania e Gaza, e ao futuro estatuto de Xerusalén. Este documento regula as relacións entre as dúas partes durante o período provisional de cinco anos. Durante estes cinco anos tñanse que establecer o Estado Palestino á beira do Estado Israelí.

4 de maio do 94 Este acordo significou a definitiva posta en marcha da Autonomía Palestina (AP) para Gaza e a área de Xericó. Mediante este acordo quedou establecida a dimensión do área de Xericó e a parte da franxa de Gaza que pasaría a mans palestinas. Tamén se acordou o reparto das competencias entre palestinos e israelís. A xurisdicción da autonomía palestina incluía a terra, o subsolo e as augas territoriais. Tamén explicita as bases e as condicións para a creación dunha policía Palestina. Esta terá fortes restriccións na súa actuación, pero sobre todo polo que respecta á adquisición e uso de armas de lume.

29 de agosto de 1994 Este acordo establece os xeitos de coordinación e o mecanismo de transferencia de poder nas esferas acordadas. Estas esferas son: educación e cultura, saúde, benestar social, turismo, os impostos directos e o imposto sobre o valor engadido da produción local.

Respecto ao poder lexislativo da autoridade palestina, o acordo obriga a que calquera lei, decreto ou provisión sexa comunicada a Israel. Este terá 30 días para notificar as súas obxeccións ao texto. Pasado este período de tempo, a lei entrará en vigor. Se Israel se opón ao texto, este terá que ser revisado polo Subcomité Lexislativo (Legislation Subcommittee, órgano formado polas dúas partes, creado polo acordo de autonomía de Gaza e Xericó). Se este Subcomité non chega a unha solución en 30 días, a cuestión pasará ao Comité de Coordinación Conxunta (Joint Liaison Committee). Este comité conxunto quedou reflectido en Oslo I (Declaración de Principios sobre os acordos provisionais da autonomía Palestina, do 13 de setembro de 1993). Foi creado para resolver as disputas e a coordinación en ámbitos de interese común.

26 de outubro de 1994 Con este Tratado, Xordania convértese no segundo país árabe que reconecía Israel (o primeiro foi Exipto, logo dos acordos de Camp David). Só un mes despois do Acordo, Israel e Xordania estableceron as relacións diplomáticas. Neste acordo foron dirimidas cuestións como as relacións bilaterais e diplomáticas, a cuestión do auga (un dos asuntos centrais no proceso de paz), as relacións económicas, a cuestión dos refuxiados e desprazados, a liberdade de navegación e o acceso aos portos. Tamén se acordaron as fronteiras definitivas entre os dous países, tanto na ribeira do Xordán como no mar Morto e no golfo de Aqaba (recordamos que o control do estreito de Tirán, único acceso israelí ao mar Vermello, no golfo de Aqaba contribuíu ao estourido de dúas guerras).

28 de setembro de 1995 Mediante este acordo regulábase e estendíase o réxime de autonomía en Cisjordania. Recordemos que Oslo I só facía referencia á franxa de Gaza e a zona de Xericó. Segundo este acordo, Cisjordania (excepto o municipio de Xerusalén) quedou dividida en tres zonas:

- As zonas de tipo A quedarían totalmente baixo control da autoridade palestina (comprendían Xericó e todas as cidades palestinas importantes: Ienín, Nablus, Tulkarem, Kalkilya, Ramallah, Betlem e Hebrón).
- As zonas de tipo B serían aquelas onde o control da AP non sería total. A AP só tería o control dos municipios, pero o Exército israelí tería a potestade de entrar e actuar para reprimir a resistencia palestina, “o terrorismo” segundo os Israelís . As zonas de tipo B de Cisjordania están formadas por unha ducia de rexións rurais e todas as cidades pequenas de poboación palestina. O Conxunto das Zonas A e B apenas ocupan o 30% do territorio, pero concentran o 90% da poboación Palestina de Cisjordania.
- As zonas de tipo C serían aquelas que quedarían totalmente baixo control israelí. Este territorio

comprende o 70% de Cisjordania (as mellores terras, toda a ribeira oeste do río Xordán e o mar Morto), e comprende todas as colonias xudías.

O resultado desta división é que as zonas baixo control palestino (A e B) quedan illadas e nin sequera teñen continuidade territorial. Todas as zonas palestinas quedan rodeadas por enclaves israelís con presenza do Exército.

A primeira retirada do Exército israelí (zonas A) produciunse en decembro de 1995, pero non foi completa. Os problemas xurdiron na cidade de Hebrón: un grupo de xudeus ultraortodoxos no centro da cidade da cidade atrasou esta saída até o 19 de xaneiro de 1997.

Autoridade Nacional Palestina

As primeiras Eleccións Presidenciais e do Consello Lexislativo Palestino deron lugar, no 96, á Autoridade Nacional Palestina, presidida por Yasser Arafat, con sede en Xericó, que ten competencias similares ás dun goberno local (cultura, educación, sanidade, impostos...) excepto en materia de seguridade -salvo nunha pequena parte de Gaza e Cisjordania- e de relacións exteriores.

8 de xaneiro de 1997 Mediante este acordo, xa baixo o mandato do primeiro ministro Netanyahu, produciuse a retirada israelí da cidade de Hebrón (un ano máis tarde do que prevía Oslo II). Pero esta retirada non foi total. O Exército israelí só se retirou do 80% da cidade. Isto provocou a división da cidade en dúas. Este Acordo só supuxo o primeiro dos tres repliegues previstos en Oslo II.

Acordo de Wye River, 23 de outubro de 1998 As conversacións de Wye en outubro de 1998 tiñan o obxectivo de desbloquear o proceso de implementación do repliegue israelí en Cisjordania previsto en Oslo II.

Unha vez máis, Israel xogou a carta da inseguridade para bloquear o proceso: negouse a ceder máis territorio amparándose na súa percepción de que a ANP non controlaba de forma suficiente aos “grupos violentos”.

Finalmente, chegou a un Acordo moi forzado por Bill Clinton. Mediante este acordo, Israel comprometeuse a ceder o 13 % (zona de tipo C), é dicir, ao que xa estaba obrigado polo Acordo interino (Oslo II). Deste 13% (C), un 1% tiña que pasar a zona de tipo A, e o 12% restante a zona de tipo B. A cambio, a ANP aceptaba a supervisión de EUA na loita contra os grupos e actos violentos. Para esta tarefa, o Acordo de Wye establece a creación dun Comité EUA-palestino, e un Comité tripartito EUA-israelí-palestino. Segundo o Memorándum de Wye River, o prazo para a súa aplicación quedou estipulado en tres meses (ao final de xaneiro de 1999).

Memorándum de Sharad el Shiek 4 de setembro de 1999 Mediante este acordo as dúas partes, o Estado de Israel e a Organización para a Liberación de Palestina, comprometéronse a implementar todos os acordos asinados desde setembro de 1993 (recoñecemento mutuo e acordos de Oslo). Tamén profundaron sobre os diversos temas pendentes: negociacións respecto ao estatus final permanente dos territorios ocupados, despregue israelí e extensión do territorio e responsabilidades da Autoridade Nacional Palestina, liberación de prisioneiros, o porto marítimo de Gaza, a comunicación terrestre entre Gaza e Cisjordania, a cidade de Hebrón, seguridade, etc. Para o que fai á negociación do Estatus permanente, ambas as dúas partes comprométense a reprender os contactos nos términos acordados na axenda e de forma fluída, para chegaren a un acordo final antes de cinco meses desde a represa dos contactos (que formalmente repredéronse en setembro de 1999).

No texto do acordo ambas as dúas partes afirman entender que a negociación ha de levar á implementación das resolucións 242 e 338 do Consello de Seguridade das Nacións Unidas. A delegación palestina destacou a necesidade de cumprir as resolucións 194 (1948) da Asemblea Xeral das Nacións Unidas (retorno dos refuxiados) e 465 (1980) do Consello de Seguridade (desmantelamento dos asentamentos xudeus dos territorios ocupados) para chegar a unha solución satisfactoria.

O Acordo para o estatus permanente habería de chegar, segundo o establecido, durante o mes de setembro do ano 2000. Que se chegase a un acordo dependería das mesmas negociacións e da estabilidade do Goberno israelí de Ehud Barak. Para o despregamento israelí nos territorios ocupados, o acordo prevé a posta en marcha de tres novas fases:

- 5 de setembro de 1999: transferencia dun 7 % de zona C a zona B.
- 15 de novembro de 1999: transferencia dun 2 % de zona B a zona A; un 3 % de zona C a zona B.
- 20 de Xaneiro de 1999 :Transferencia dun 1% de zona C a Zona A . Un 5.1% de zona B a zona A

Como resultado dos dous primeiros despregues, finalizados durante o mes de Marzo de 2000, o 18 % do territorio de Cisjordania é actualmente zona A e o 21 % zona B. Segundo o Ministerio de Asuntos Exteriores israelí (18 de xuño de 2000), o 40 % do territorio de Cisjordania está baixo control da Autoridade (Nacional) Palestina.

En canto aos prisioneiros, ambas as dúas partes comprometéronse a poñer en marcha un comité conxunto para solucionar e supervisar o cumprimento do acordo. Israel comprometéuse a liberar a todos os presos palestinos que cometeran delitos antes do 13 de setembro de 1993 e que foran detidos antes do 4 de maio de 1994.

A primeira fase quedou fixada para o 5 de setembro de 1999 (200 presos) e a segunda, para o 8 de outubro de 1999 (150 prisioneiros. Así mesmo, Israel comprometeuse a intentar liberar a todos os presos palestinos antes do seguinte Ramadán (decembro de 1999).

Verbo da construción do porto marítimo de Gaza, os israelís aceptaron que a Autoridade Nacional Palestina comece as obras o día 1 de outubro de 1999. Tamén acordaron que non estaría aberto ao funcionamento até que vise a luz un protocolo que definise os aspectos da seguridade e o control de movemento de mercaderías e persoas. Neste acordo tamén se falou da cidade de Hebrón (compromiso para a revisión da situación da Tumba dos Patriarcas -Ao Haram Ao Ibrahim--), e para a apertura da estrada de Shuhada aos vehículos Palestinos), e da seguridade.

Neste último punto, a Autoridade Nacional Palestina comprometeuse a implementar todas as obrigacións dos acordos previos, pero especialmente as que se derivan do Memorándum de Wye Plantation (confiscación de armas ilegais ou non controladas nos territorios baixo o seu control ou zonas A e B, a detención de sospeitosos e a confección da lista de nomes dos membros da policía palestina).

25 de xullo de 2000 Comunicacion Trilateral (Camp David)

23 de decembro de 2000 Proposta de Clinton, coñecida como os parámetros de Clinton.

xaneiro de 2001 Informe Resumo da Unión Europea sobre as Conversas de TABA, preparado polo Sr. Miguel Anxo Moratinos, Representante Especial da UE no Proceso de Paz en Oriente Próximo naquel entón.

26 de abril de 2001, 6 de maio de 2001 Informe de Mitchell seguida polo de Tent

Ademais que a proposta de Camp David NON buscaba o fin da ocupación e a volta á fronteira previa á guerra de 1967, o dereito a retorno dos palestinos NON foi aceptado por Barak, polo que contradecía as Resolucións de Nacións Unidas. Por esa razón, o presidente Yasser Arafat rechazó a proposta.

Con todo, durante as negociacións, Israel proseguíu coas súas políticas de colonización. Seguiu a represión cara á poboación palestina de Cisjordania, Gaza e Xerusalén Oriental, e negouse a implementar as medidas acordadas durante o proceso de negociación, rexeitando mesmo a presenza dos observadores internacionais que velarían pola implementación dos acordos por ambas partes.

En xullo do ano 2000, na reunión de Camp David, o primeiro ministro israelí Ehud Barak fixo a súa “última oferta”, que non foi aceptada polo presidente palestino Yasser Arafat. **O 28 de Setembro do ano 2000**, o criminal de guerra Ariel Sharon, que nese momento lideraba a dereita israelí, “visitou” a Explanada das Mezquitas, “escoltado” por miles de soldados e policías para provocar a quen alí rezaba. Isto xerou fortes enfrontamentos entre os que estaban no lugar e a policía que os reprimiu. Este feito foi o que colmou a paciencia de todos os palestinos que estaban aburridos co curso das negociacións, comezando así a Intifada que dura até o día de hoxe nas súas diferentes formas de resistencia.

Nese ambiente, a popularidade de Sharon dentro do parlamento creceu ao momento de ser electo como Primeiro Ministro israelí. E Sharon, co respaldo dos EUA, paralizou todos os esforzos por negociar. En cambio, comezou unha “entrega unilateral de territorios”, cantóns illados sen soberanía

nin independencia algunha, proseguíu coa construción de asentamentos, estradas e comezou a construción do Muro de Apartheid.

Para conseguir os seus obxectivos a forza dos “feitos consumados”, en abril de 2002, lanzou unha operación militar de gran escala sobre Cisjordania e Gaza, equivalente á invasión de 1967. Como resultado destes intensos ataques, a cidades de Ienín e de Nablus sufriron horribéis masacres, sen que ninguén, nin sequera Nacións Unidas nin a Cruz Vermella puidese intervir. Logo de varias semanas, os observadores internacionais e a prensa tiveron acceso á zona arrasada, posto que o exército de Israel pechara a área para “limpala”.

Marzo de 2002 O Consello de Estados Árabes reúnese na súa 14ª sesión ordinaria, reafirmando a resolución tomada en xuño de 1996 na reunión extraordinaria do Cairo, na que se recoñecía que unha paz xusta e global en Oriente Medio, no marco da legalidade internacional, é unha opción estratéxica para os países árabes, e que requiriría un compromiso comparábel por parte do estado de Israel, logo de ter escoitado a intervención do Príncipe Abdullah bin Abdul Aziz, do Reino de Arabia Saudita, que presentou a súa iniciativa chamando á retirada israelí de todos os territorios árabes que ocupa desde 1967, implementando así as Resolucións do Consello de Seguridade Consello de Seguridade 242 e 338, reafirmando a Conferencia de Madrid de 1991 e o principio paz por territorios, e a aceptación por parte de Israel dun estado palestino independente con capital en Xerusalén Leste, a cambio do establecemento de relacións normais nun contexto de paz global con Israel.

O Muro

Para consolidar a ocupación, en xuño de ano 2002, comezou a construción do Muro, reforzado por cercas electrificadas, camiños de seguridade, torres de vixilancia, e portas, terminais e túneles controlados por soldados israelís para permitir la “continuidade” do territorio palestino. Toda esta infraestrutura está sendo construída e administrada pola ocupación israelí, pero é en parte financiada tamén por achegas directas dende países europeos e EUA. O muro ten nove metros de alto e máis de 700 qm de extensión, e encarcera nas súas propias aldeas e cidades a toda a poboación palestina, vixiada por torres de 12 metros de alto, situadas cada 100 metros, desde onde os soldados disparan a oito.

Para dicir ao mundo que o Muro e as estradas permiten la “continuidade do territorio palestino”, a ocupación está construíndo túneles e portas que son controlados polos soldados israelís. Con todo, nesas portas, túneles e terminales que se implementaron como a única entrada ou saída de cada gueto, calquera que intente cruzar estes puntos, debe posuír un permiso para iso outorgado polo exército israelí e é controlado polos soldados israelís, expoñéndose ás máis degradantes humillacións. Como nos antigos postos de control, depende da vontade do soldado se permite cruzar ou non. A construción do muro que está sendo levantado por Israel, a potencia ocupante nos Territorios Palestinos Ocupados, incluíndo Xerusalén Oriental e os seus arredores, e o seu réxime asociado, está contra a lexislación internacional.

Israel está obrigado a rematar cos seus incumprimentos da lexislación internacional; está obrigado a cesar de inmediato cos traballos da construción do muro que está sendo levantado nos Territorios Palestinos Ocupados, incluíndo Xerusalén Oriental e os seus arredores, a desmantelar de inmediato a estrutura que foi levantada, e a inmediatamente revogar ou deixar sen efecto todos os decretos lexislativos e normativos relativos á súa construción, de acordo co párrafo 151. Está obrigado tamén a facer reparacións por todos os danos causados pola construción do muro nos Territorios Palestinos Ocupados, incluíndo Xerusalén Oriental e arredores.

Todos os Estados están obrigados a non dar recoñecemento á situación ilegal resultante da construción do muro e a non dar axuda ou asistencia na mantención da situación creada pola devandita construción; todos os Estados asinantes da Cuarta Convención de Xenebra relativa á protección dos Civís en tempo de Guerra do 12 de Agosto de 1949 están ademais na obriga, en tanto respectan a Carta das Nacións Unidas e a lexislación internacional, de aseguraren o respecto de Israel á lexislación internacional humanitaria como está expresado nesa Convención.

Pero, lamentablemente o fallo da Corte non foi aprobado de xeito unánime polos seus membros, xa que o Lobby Israeli presionou a un xuíz na corte suprema. A Folla de Ruta prevé o establecemento dun Estado Palestino. Como nos fracasados Acordos de Oslo, reclama un proceso de paz por etapas baseado «no principio de terra a cambio de paz das resolucións 242 e 338 do Consello de Seguridade», pero “e aquí está a novidade”, tamén «na Resolución 1397, así como nos acordos previamente alcanzados polas partes, e na iniciativa árabe proposta polo príncipe saudita Abdallah e

apoiada polo Cume Árabe de Beirut». Primeiro cun carácter difuso a finais de 2003 e despois a finais de 2005 con «unhas fronteiras seguras e recoñecidas» (como reclama as Resolucións 242, 338 e 1397 do Consello de Seguridade de 12 de marzo de 2002) no marco dun acordo global en Oriente Medio.

A Folla de Ruta fixou tres fases claramente delimitadas:

- Até maio de 2003. Final do terrorismo e a violencia, normalización da vida dos palestinos, reforma das institucións palestinas, conxelación da colonización israelí dos territorios palestinos (incluído o "crecemento natural dos asentamentos").
- De mediados a finais de 2003. Aprobación dunha Constitución palestina e creación dun Estado con «fronteiras provisionales» no marco dunha Conferencia Internacional como paso intermedio a unha solución definitiva.
- 2004-2005. Solución permanente das cuestións pendentes (refuxiados, Xerusalén, asentamentos e fronteiras) e celebración dunha segunda Conferencia Internacional que poña punto final ao conflito israelí-palestino e normalice as relacións entre Israel e o mundo árabe.

As catorce obxeccións ao Folla de Ruta para Medio Oriente, en xullo do 2003, foron denominadas e conformadas como unha verdadeira liña vermella que a posición israelí non está disposta a cruzar. O punto de inflexión márcao o 11 de Setembro 2001, cando os EUA se lanzan á guerra global contra o terrorismo. A colaboración que os EUA e a UE mantiveran ata entón no proceso de paz (o primeiro encargábase da súa vertente política e parcialmente económica, mentres que o segundo era máis ben responsábel da económica) resentíuse gravemente ao considerarse dende Europa que era imposíbel abordar a solución do problema palestino tendo só en conta cuestións de seguridade (como pretendían os distintos gobernos israelís e como se empeñou a propia Administración Bush nos seus plans Tenet e Mitchell).

A Unión Europea pensaba que había que ofrecer un horizonte político que permitise aos palestinos erixir un Estado viábel e soberano sobre a maior parte dos territorios ocupados desde 1967. A intervención anglo-americana en Iraq en marzo de 2003 evidenciou que a Administración Bush tiña outras prioridades na súa axenda rexional. No entanto, durante a etapa prebélica déronse dous pasos extremadamente importantes:

- Por unha banda, os EUA deron o seu respaldo á Resolución 1397 do Consello de Seguridade que reclamaba a creación dun Estado palestino, renunciando a exercer o seu dereito ao veto como noutras ocasións.
- Pola outra, o presidente Bush vinculou o éxito da campaña militar coa edificación dun novo Oriente «libre e democrático» no que vería a luz devandito Estado.

Iniciativa de Xenebra (outubro do 2003) Naceu como complemento á Folla de Ruta, suscita a creación dun Estado palestino na franxa de Gaza e o 97,5% de Cixordania, que tería o seu capital en Xerusalén Leste. Sería un estado independente, democrático e desmilitarizado, membro de pleno dereito da ONU, cunhas forzas de seguridade con mando único que non dispoñerían de armamento pesado. Mais foi rexeitada por non ter respaldo.

O concepto de solucións unilaterais foi definido polo actual Primeiro Ministro Israelí, Ehud Olmert, o ano 2003 como “maximizar o número de xudeus, minimizar o número de palestinos, non volver ás fronteiras de 1967 e non dividir Xerusalén”. Dende o inicio da ocupación de Cixordania e Gaza en 1967, Israel encarcerara a máis de 650.000 palestinos, representando aproximadamente o 20% da poboación dos territorios ocupados. Os detidos palestinos son levados a centros de detención israelís tanto dentro como fose de Israel, onde a condición dos prisioneiros palestinos é pésima, agravada polo uso frecuente da tortura:

- a privación de soño,
- denegación de atención médica,
- música ruidosa,
- golpes,
- electrochoques,

- violacións sexuais, insultos,
- estiramento de extremidades,
- privación de comida ou auga ou o uso do baño,
- presións psicolóxicas para colaborar coa ocupación,
- introdución da cabeza dos detidos en sacos con ouriña ou excremento, prolongada exposición a luces brillantes, ao sol, ao frío, á choiva, etc.

O método máis famoso é a “Posición Shabah”, na que se lle obriga ao prisioneiro a permanecer sentado nunha pequena cadeira, coas súas mans esposadas ao respaldo e os seus pés amarrados ás patas da cadeira. Nesta posición, o prisioneiro/a atópase máis débil fronte aos golpes e shocks eléctricos. Pero hai outros moitos métodos de tortura que foron utilizados nos cárceres israelís por xa varias décadas.

A cifra de prisioneiros palestinos xa chega ás 10500 persoas, 150 das cales son mulleres e 350 son pícaros menores de 10 anos. Algunhas mulleres tiveron aos seus fillos en prisión, e os cativos quedaban presos coa nai como o caso de Samar Soboh.

Outras tantas cumpriron os 18 anos mentres estaban en prisión. Moitas mulleres palestinas foron arrestadas só para presionar aos seus maridos ou familiares para que cooperasen coa ocupación. Moitos representantes do pobo palestino foron encarcerados por Israel, sendo os casos máis famosos o de Marwan Barguthi (Fatah) encarcerado desde o ano 2002, Deputado electo e aínda reelecto nas últimas eleccións, en xaneiro do 2006, Ahmad Sa'adat Secretario Xeral da Fronte Popular que estaba confinado nun cárcere da Autoridade Nacional Palestina e foi secuestrado e encarcerado por Israel en marzo de 2006, logo dun intenso ataque, foi electo como Deputado nas eleccións de xaneiro 2006.

O xoves 11 de novembro de 2004 morre Yasser Arafat, prisioneiro desde decembro de 2001 na Muqataa, antigo cárcere do goberno colonial inglés en Palestina, convertida en sé da Autoridade Nacional Palestina e, de novo, en prisión do seu presidente. O inesquecible combatente palestino, símbolo da resistencia do seu pobo durante case 50 anos, foi sepultado o 12 de novembro no recinto a súa prisión de Ramallah, con terra traída desde Xerusalén, no medio da dor do pobo palestino. Sharon, que en máis dunha ocasión declarara a súa intención de asasinalo, impediu que fose enterrado (como era o desexo de Arafat) na Explanada das Mezquitas da capital do futuro estado palestino.

Na Franxa de Gaza, os asentamentos ocupaban o 15% do territorio até o 2005, e estaban situados de xeito estratéxico para cortar a Franxa de Gaza en catro cantóns. A Franxa de Gaza ten 40 qm de longo por 16 qm de ancho, e nela viven 1.500.000 palestinos. No entanto, o desmantelamento dos asentamentos en Gaza foi visto con esperanza no mundo enteiro, Israel aproveitou que os ollos da comunidade internacional estaban en Gaza, para ampliar os asentamentos e o Muro en Cisjordania. Co denominado “Plan de desconexión de Gaza”, que foi aprobado polo parlamento israelí o 26 de outubro de 2004, e implementado o 17 de agosto de 2005, Sharon pretendía lavar a súa imaxe, facendo crer ao mundo que estaba disposto ao proceso de paz. O plan de desconexión de Gaza é, de entrada, un plan unilateral, é dicir, planeado, aprobado e levado ao cabo por Israel sen ningún contacto, negociación ou diálogo coa outra parte involucrada, a parte palestina. É a norma; Israel nunca negocia, ten a forza e o poder e exerceo de forma implacábel. Pero o exército de Israel, aínda logo da retirada unilateral, segue controlando os puntos de paso que comunican Gaza con Israel. Tamén a franxa costeira segue estando baixo o seu control, e non permite que nin sequera os pescadores palestinos se afasten máis de 6 millas da costa. E por suposto controla o espazo aéreo.

En realidade o que se fixo con Gaza foi baleirla dos colonos xudeus, para convertela nunha gran cárcere, nun ghetto, nun gran campo de concentración, deixando a zona completamente destruída, sen infraestruturas e cunha poboación empobrecida á que se lle segue negando calquera posibilidade de recuperación e á que, na actualidade, estase a castigar continuamente con estratexias que antes non utilizaban ao haber poboación xudía no seu interior, como as bombas de son, ou os voos rasantes dos cazas de combate, que esnaquizan cristais e tímpanos, así como tamén as incursións masivas e periódicas das forzas israelís que o ano 2006 bombardearon as praias de Gaza matando a 11 persoas entre elas sete membros da familia Ghalia, salvándose tan só a nena Huda de 12 anos.